



CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)
Praza do Concello, nº 1 - C.P. 27740
Tlfno.: 982 524 003 – Fax: 982 507 421
e-mail:concellomondonedo@yahoo.es

Estimado veciño/a:

O vindeiro 13 de xuño cómprese dous anos dende que asumimos a responsabilidade de Goberno no Concello de Mondoñedo tras obter, grazas ao apoio dos veciños e veciñas que co seu voto nos outorgaron a maioría absoluta nas municipais de 2015.

Dende aquel día, fixemos noso o compromiso público de actuar sempre con transparencia, poñendo en práctica o programa ao que os mindonienses decidiron dar o seu respaldo. Ademais, quixemos e queremos levar a cabo este acordo contraído con cada un de vós, facéndoos partícipes da nosa acción de Goberno e escoitándovos, xa que sodes os faros que deben guiar o camiño da nosa xestión pública.

Antepoñendo este acordo contraído con vós de ser un Goberno transparente e dialogante e transcorridos dous anos dende a toma de posesión, considero que é deber meu e máis do equipo que me acompaña facer balance do traballo promovido durante estes meses e dar conta dos proxectos executados e dos que están en marcha.

Creo que debemos ofrecer as aclaracións necesarias e resolver as dúbidas existentes, ademais tamén queremos escoitar as túas propostas para os restantes meses deste mandato. Queremos recoller as túas achegas e a túa opinión cun só obxectivo: corrixir aqueles aspectos errados (se os houbera) durante estes meses e asumir aquelas propostas que nos permitan mellorar na nosa xestión, só por un motivo que nos une a todos, coidar e mellorar a nosa cidade.

Traballamos por Mondoñedo, por mellorar as oportunidades que ofrece e por optimizar os seus recursos e os seus servizos e, en definitiva, por lograr aquilo que consideramos que é necesario para a nosa cidade, para o seu casco urbano e para o seu rural. E nesta misión, a túa palabra e a de todos os mindonienses, conta.

Seguimos a necesitar as túas consideracións, seguimos a buscar a túa valoración e queremos explicarche en que estamos centrados e cal é a nosa folla de ruta de cara ao futuro.

Para compartilo, convócate a un encontro que dende o Goberno local manteremos con todos os veciños e veciñas o vindeiro **sábado 3 de xuño, ás 20:00 horas, na Casa da Xuventude.**


María Elena Candia López
Alcaldesa de Mondoñedo

Mondoñedo, 26 de maio de 2017